

LA LARGA NOCHE DE FRANCISCO SANCTIS 1702

Andrea Testa & Francisco Márquez, 2016

ESTREA EN NUMAX: 24.03.2026 | V.O. | 78 min

O 24 de marzo sumámonos á celebración do Día Nacional pola Verdade e a Xustiza en Arxentina coa proxección de "La larga noche de Francisco Sanctis" ambientada en 1977 en Buenos Aires, en plena Ditadura Militar. O protagonista é un home que recibe a información do paradeiro de dúas persoas buscadas polos militares. Ten a posibilidade de salvalas, aínda que iso implica arriscar a súa propia vida. Adaptación da novela homónima de Humberto Costantini.

«Cando criamos que a ficción sobre a fatigada existencia na última ditadura militar estaba esgotada, Testa e Márquez, con mínimos recursos, proban que non é así»

Roger Koza, LA VOZ INTERIOR



Carta aberta á Xunta Militar

A censura de prensa, a persecución a intelectuais, a violación da miña casa no Tigre, o asasinato de amigos queridos e a perda dunha filla que morreu combaténdoos, son algúns dos feitos que me obrigan a esta forma de expresión clandestina despois de opinar libremente como escritor e xornalista durante case trinta anos. (...) O 24 de marzo de 1976 derrocaron vostedes a un goberno do que formaban parte, a cuxo desprestixio contribuíron como executores da súa política represiva, e cuxo remate estaba sinalado por eleccións convocadas para nove meses máis tarde. Nesa perspectiva o que vostedes liquidaron non foi o mandato transitorio de Isabel Martínez senón a posibilidade dun proceso democrático onde o pobo remediase males que vostedes continuaron e agravaron. Ilexítimo na súa orixe, o goberno que vostedes exercen puido lexitimarse nos feitos recuperando o programa en que coincidiron nas eleccións de 1973 o oitenta por cento dos arxentinos e que segue en pé como expresión obxectiva da vontade do pobo, único significado posible dese "ser nacional" que vostedes invocan tan a miúdo.

(...) Ditada polo Fondo Monetario Internacional segundo unha receita que se aplica indistintamente ao Zaire ou a Chile, a Uruguai ou Indonesia, a política económica da Xunta Militar só reconece como beneficiarios á vella oligarquía gandeira, a nova oligarquía especuladora e un grupo selecto de monopolios internacionais encabezados pola ITT, a Esso, as automotrices, a U.S. Steel, a Siemens, ao que están ligados persoalmente o ministro Martínez de Hoz e todos os membros do seu gabinete (...) Abonda andar unhas horas polo Gran Buenos Aires para comprobar a rapidez con que semellante política a converteu nunha *villa miseria* de dez millóns de habitantes. Cidades a media luz, barrios enteiros sen auga porque as industrias monopolísticas saquean as napas subterráneas, milleiros de *cuadras* convertidas nunha soa fochanca porque vostedes só pavimentan os barrios militares en engalanan a Praza de Maio, o río máis grande do mundo contaminado en todas as súas praias porque os socios do ministro Martínez de Hoz lanzan nel os seus residuos industriais, e a única medida de goberno que vostedes tomaron é prohibir á xente que se bañe. Tampouco nas metas abstractas da economía, ás que adoitan chamar "o país", foron vostedes máis afortunados. Un descenso do produto bruto que se aproxima ao 3%, unha débeda exterior que alcanza a 600 dólares por habitante, unha inflación anual do 400%, un aumento do circulante que en só unha semana de decembro chegou ao 9%, unha baixada do 13% no investimento externo constitúen tamén marcas mundiais, raro froito da fría deliberación e a crúa inepticia.

Se unha propaganda abafadora, reflexo deforme de feitos malvados non pretendese que esa Xunta procura a paz, que o xeneral Videla defende os dereitos humanos ou que o almirante Massera ama a vida, aínda cabería pedir aos señores Comandantes en Xefe das 3 Armas que meditasen sobre o abismo ao que conducen ao país tras a ilusión de gañar unha guerra que, aínda se matasen o último guerrilleiro, non faría máis que empezar baixo novas formas, porque as causas que hai máis de vinte anos moven a resistencia do pobo arxentino non estarán desaparecidas senón agravadas polo recordo do estrago causado e a revelación das atrocidades cometidas. Estas son as reflexións que no primeiro aniversario do seu infausto goberno quixen facer chegar aos membros desa Xunta, sen esperanza de ser escoitado, coa certeza de ser perseguido, pero fiel ao compromiso que asumín hai moito tempo de dar testemuño en momentos difíciles.

Rodolfo Walsh. - C.I. 2845022
Buenos Aires, 24 de marzo de 1977



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Operación masacre,
Rodolfo Walsh.
Libros del Ateroido